

OBXECTIVOS

- Proporcionar aos estudantes unha base sólida e equilibrada de coñecementos químicos e habilidades prácticas.
- Desenvolver nos estudantes a habilidade para aplicar os seus coñecementos químicos, teóricos e prácticos, á solución de problemas en Química.
- Proporcionar aos estudantes unha base de coñecementos e habilidades para a inserción laboral en áreas especializadas de Química ou áreas multidisciplinares.

SAÍDAS PROFESIONAIS

- Químicos municipais e provinciais.
- Químicos de Institutos de Hixiene.
- Químicos de Aduanas.
- Químicos de organismos do Estado, provincia ou municipio, monopolios e empresas dependentes, incluso indirectamente, do Estado, nas que se requira esta función específica.
- Químicos en empresas privadas.
- Químicos en laboratorios oficiais.
- Educación secundaria, universitaria e investigación.

GRAO EN QUÍMICA

A Química é unha das ciencias máis relevantes. O mundo que coñecemos non sería tal sen a aportación da Química: os materiais de todo tipo (polímeros, plásticos, papel, pinturas, aleacións etc), produtos farmacéuticos, produtos cosméticos, xabóns e deterxentes, pesticidas, abonos, combustibles e disolventes, serían impensables hoxe sen o traballo dos químicos.

Actividades indispensables na nosa vida coma o control de contaminantes e toxinas ou o estudo das reaccións nos seres vivos, teñen unha base esencialmente química.

Universidade de Vigo

Campus Universitario I Facultade de Química
36310 Vigo I Pontevedra I España
Tel. 986 812 550 | Fax. 986 812 556



DESCRIPCIÓN DA TITULACIÓN

Rama de coñecemento: Ciencias
 Duración mínima: 4 anos
 Prazas: 60
 Linguas empregadas: castelán, galego e inglés

TRABALLO DE FIN DE GRAO

Trátase dun traballo de carácter teórico e/ou práctico (experimental) de 18 créditos ECTS, sobre calquera aspecto relacionado coa Química, realizado polo alumno de maneira individual e supervisado por un profesor. O traballo está orientado á avaliación de competencias asociadas ao título. A fase final do traballo consistirá na elaboración e presentación dunha memoria escrita e a exposición e defensa pública ante un tribunal.

PERFIL DE INGRESO RECOMENDADO

Recoméndase que o alumnado teña cursado no bacharelato as materias de química, física e matemáticas. Ademais, é fundamental a capacidade de abstracción e razoamento científico, así como a capacidade de traballo continuado.

CARÁCTER	CRÉDITOS ECTS
Formación básica	60
Obrigatorio	150
Optativos	12
Traballo Fin de Grao	18
Totais	240
Prácticas externas	6 (optativos)

PRÁCTICAS EXTERNAS

As prácticas en empresas conforman 6 créditos ECTS e inclúense como asignatura optativa.

Actualmente esta materia non se oferta, pero existe a posibilidade de realizar prácticas extracurriculares

primeiro curso

PRIMEIRO CUADRIMESTRE
 Matemáticas I (6 ECTS) · Física I (6 ECTS) · Química I (6 ECTS)
 Bioloxía (6 ECTS) · Lab. Integrado I (6 ECTS)

SEGUNDO CUADRIMESTRE
 Matemáticas II (6 ECTS) · Física II (6 ECTS) · Química II (6 ECTS)
 Xeoloxía (6 ECTS) · Lab. Integrado II (6 ECTS)

segundo curso

PRIMEIRO CUADRIMESTRE
 Química Física I (6 ECTS) · Física III (6 ECTS) · Química Analítica I (9 ECTS)
 Química Orgánica I (9 ECTS)

SEGUNDO CUADRIMESTRE
 Ferramentas Informáticas e de Comunicación en Química (6 ECTS)
 Métodos Numéricos en Química (6 ECTS) · Química Inorgánica I (9 ECTS)
 Química Física II (9 ECTS)

terceiro curso

PRIMEIRO CUADRIMESTRE
 Determinación Estructural (6 ECTS) · Química Analítica II (9 ECTS)
 Química Orgánica II (6 ECTS) · Enxeñaría Química (9 ECTS)

SEGUNDO CUADRIMESTRE
 Química Física III (9 ECTS) · Química Analítica III (6 ECTS)
 Química Inorgánica II (6 ECTS) · Química Biolóxica (9 ECTS)

cuarto curso

PRIMEIRO CUADRIMESTRE
 Química Orgánica III (9 ECTS) · Química Inorgánica III (9 ECTS)
 Química de Materiais (6 ECTS) · Proxecto (6 ECTS)

SEGUNDO CUADRIMESTRE
 Traballo Fin de Grao (18 ECTS) · 2 Optativas (2 x 6 ECTS)